

ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/35	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	03 de novembro de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:39 ata as 13:45 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Mónica González Conde
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	NON
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Ratificación da urxencia da convocatoria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión,	

segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Expediente 1777/2023. Procedemento Xenérico. BASES CONCURSO #SilledaFaiNadal.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que dende o Concello de Silleda se comezou a promover en 2022 a participación da veciñanza na decoración navideña a través do certame #SilledaFaiNadal.

Visto o éxito acadado nas tres edicións anteriores, ca participación de colectivos e veciños e veciñas a título individual.

Visto que o certame axuda tamén á dinamización do comercio e da hostalería local, con premios que consisten en gastar nos establecementos destes sectores.

Visto que para a celebración do certame é preciso contar con bases que rixan o mesmo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases que a continuación se transcribe e que rexerán o certamen municipal #SilledaFaiNadal 23-24:

**BASES CONCURSO #SilledaFaiNadal**

O Concello de Silleda, a través das Concellarías de Cultura e de Comercio, dos departamentos de Acción Social e Promoción Económica, convoca o certame #SilledaFaiNadal, un concurso de decoración con motivos navideños no termo municipal, que ten como obxectivos:

- Dinamizar a participación activa da veciñanza de Silleda.
- Promover e difundir a creación dun ambiente propio das datas festivas do Nadal, baseado en valores como o traballo común, a fraternidade, a cooperación e a sustentabilidade
- Por en valor o uso de materiais realizados a man, así como promover o aproveitamento de material de refugallo e os principios da economía circular
- Dar protagonismo activo á veciñanza e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitarios.
- Fomentar tamén valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.

**Temática**

O motivo e a temática será única e exclusivamente a decoración de Nadal, con total liberdade de creación para os participantes.

### **Participantes e Categorías**

O concurso está dirixido a todas as persoas que vivan no municipio de Silleda.

Establécense dúas categorías :

- **Individual:** Poderán participar a título persoal persoas residentes en Silleda ca decoración de balcón, galerías e fachadas ou portas de edificios ou vivendas unifamiliares, sempre que as creacións sexan visibles dende o exterior.
- **Colectiva:** Comunidade de veciños, asociacións, grupos ... Neste caso deberase elixir un emprazamento do que se informará previamente o Concello de Silleda no momento de realizar a inscrición.

### **Condições de participación e criterios de valoración**

- Poderán participar neste concurso todas as vivendas (fachadas, xardíns, fiestras e balcóns) sitas no termo municipal de Silleda. Será unha participación por vivenda e persoa ou asociación.
- As persoas que queiran participar deberán inscribirse no concurso, dende o 6 e ata o 30 de novembro de 2023, cumprimentando o modelo de inscrición que se facilitará no Concello. Deben presentarse no Rexistro Municipal (de 09:00 a 14:00 horas).
- As decoracións de balcóns e ventás deberán cumprir parámetros de seguridade para non causar prexuízos ou danos para as persoas e os bens.
- As decoracións serán visibles dende o exterior, e estar instaladas, como mínimo dende o 15 de decembro ata o 6 de xaneiro de 2024.
- Admitiranse todo tipo de materiais para a construción da ornamentación e valoraranse especialmente a orixinalidade, deseño, uso de ornamentos feitos a man ou con material de refugallo, así como a interculturalidade dos decorados. No caso de contar con iluminación, valorarase o uso de luminarias fotovoltaicas ou de tecnoloxía LED de baixo consumo.
- As persoas e agrupacións participantes deberán de remitir fotografías da decoración (ata un máximo de 3 imaxes) ao seguinte enderezo electrónico: [comunicacion@silleda.gal](mailto:comunicacion@silleda.gal)., a fin de realizar a valoración dos traballos e a súa publicación nas Redes Sociais oficiais do Concello.

### **Sistema de cualificación**

Ademais dun xurado, o certame admitirá a votación popular a través das redes sociais, contabilizando o número de "Gústame" de cada un dos traballos participantes que se subirán á páxina oficial de Facebook do Concello de Silleda (contabilizando só os *likes* neste perfil) O sistema de votación será ponderado, combinando o 50% da puntuación entre o voto popular a través das redes sociais e as cualificacións dun xurado.

Cada persoa do Xurado puntuará de 0 a 5 os traballos participantes. O traballo que reciba máis votos a través das Redes Sociais acadará tamén 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos entre os dous sistemas dará lugar ás persoas e agrupacións gañadoras. En caso de empate, volverase a puntuar por parte do xurado para desempatar.

O xurado reservase a potestade de interpretar, en caso de dúbida, e de ser necesario, as seguintes bases, así como de declarar deserto o concurso. Do mesmo xeito, resolverá calquera imprevisto que poida xurdir e que non este previsto nestas bases.

### **Prazo de presentación**

O prazo de inscrición será dende o día 6 ao 30 de novembro de 2023

### **Premios**

En cada unha das categorías establécense 3 premios:

#### **CATEGORÍA COLECTIVA:**

- 1º Premio. Vale de 1.000 euros para gastar nos comercios/hostalería local.
- 2º Premio. Vale de 700 euros para gastar nos comercios local/hostalería local
- 3º Premio. Vale de 500 euros para gastar nos comercios/hostalería local local

#### **INDIVIDUAL:**

- 1º Premio. Vale de 500 euros para trocar nos comercios/hostalería local
- 2º Premio. Vale de 300 euros para trocar nos comercios /hostalería local
- 3º Premio. Vale de 175 euros para trocar nos comercios/hostalería local

Enténdese como comercios/hostalería local calquera establecemento situado no termo municipal de Silleda.

### **Xurado**

O xurado estará formado por integrantes de asociacións ou colectivos que non participen no concurso e por un representante do Concello, con voz pero sen voto, así como por un técnico municipal, que actuará como secretario/a.

### **Entrega**

A resolución do concurso comunicarase, de ser posible, ao longo do mes de xaneiro. Publicarase nas redes sociais do Concello e será comunicado por chamada telefónica ás persoas e agrupacións galardoadas.

**SEGUNDO.** Dar conta ao departamento de Intervención a efectos de realizar a retención de crédito correspondente para os premios.

**Expediente 250/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. Valoración das Becas Municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso**

**escolar 2023-2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistas a Providencia de inicio do procedemento 08/02/2023.

Vistas as bases polas que se regula a convocatoria de becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2023-2024, elaboradas polo departamento de educación e asinadas pola concelleira responsable do mesmo, en data 21/03/2023.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal o 21/03/2023 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a aprobación das Bases polas que se regula a convocatoria de becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2022-2023, por acordo plenario do 30/03/2023.

Visto o decreto de nomeamento da Comisión de Valoración emitido con data 09/10/2023.

Visto o informe emitido pola Comisión de Valoración.

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta da Comisión de Valoración dacordo ao anexo, por unha cantidade de 15.205 €.

**SEGUNDO.-** Proceder á comunicación das axudas concedidas aos/ás interesados/a e realizar pago das mesmas.

**ANEXO**

Reunida a Comisión de Valoración das Becas Municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2023-2024, formada por:

Presidenta: Ángela Troitiño Gil, Concelleira de Educación

Secretaria: Anxos García Fidalgo

Vogais: Beatriz Cuiña Iglesias (Traballadora Social) e Sara Blanco Gil (educadora social)

**INFORMA**

Que unha vez realizadas as dilixencias oportunas para a concesión de becas de acordo ás Bases establecidas para a convocatoria que nos ocupa, **ACORDA** emitir a seguinte resolución:

**Renta Per Cápita- De 0 a 1000**

**Beca: 450 €**

1. Lois Varela Gulías
2. Ángela González Fernández
3. Sheila González Fernández
4. Antía Martínez Sánchez
5. Ana Rivas Gestal
6. María Luisa Montoto Vilela
7. Lara Diéguez Troitiño

**Renta Per Cápita- De 1001 a 2000**

**Beca: 435 €**

1. Lucía García Touceda
2. Maino Ares González

**Renta Per Cápita- De 2001 a 3000**

**Beca: 410 €**

1. Alexandro Calviño Rodríguez
2. Uxía Alcobre Rozados
3. Diana Alcobre Rozados
4. Claudia Gómez Rozados

**Renta Per Cápita- De 3001 a 4000**

**Beca: 380 €**

1. Bruno Mato Canda
2. David Varela Vázquez
3. Mariem Khallouk
4. Alex Madalin Rusu
5. Roxana Madalin Rusu
6. Isabella Tarallo Romeo
7. Victoria Tarallo Romeo

**Renta Per Cápita- De 4001 a 5000**

**Beca: 360€**

1. Ayoub Derkaoui Bouh
2. Lara Silva Muíños
3. Gabriel Vidal Franco
4. Matías Ezequiel Corrales Costa
5. Micaela Corrales Costa
6. Silvia Fondevila Pájaro
7. Jessica Noemi González Sánchez
8. Irune Pérez Vila

9. David Pereiras Oliveira
10. Alba Senra Troitiño
11. Noelia Amil Fernández

**Renta Per Cápita- De 5001 a 6000****Beca: 325 €**

1. Zayra Rozados Romero
2. Leila Rey González
3. Nahuel Talquenca Garea
4. Eva Vázquez Motnero
5. Marta Iglesias Alonso
6. Sandra Raúño Núñez
7. Marcos Caetano Vázquez
8. Brais Caetano Vázquez
9. Hugo Vidal Pol

Quedan excluídas as seguintes solicitudes por non axustarse ás bases establecidas:

<b>Nome e apelidos</b>	<b>Motivo exclusión</b>
Roi Gil García	Estudia nun centro dentro do termo municipal
Brais Cajide González	Supera límites económicos
Antía Cajide González	Supera límites económicos
Cristian Ares Rozas	Matriculado nun curso de especialización
Adrián Castro Abeledo	Supera límites económicos
Diego Pérez Vázquez	Supera límites económicos
Lidia Pérez Vázquez	Supera límites económicos
María Mejuto Ares	Matriculada nun centro privado
Luciano Balagué Blanco	Supera límites económicos
Lucrecia Balagué Blanco	Supera límites económicos
Dana Vila Rodríguez	Supera límites económicos
Mohamed Khallouk El Amrani	Matriculado nun master
Xián Suárez Ripoll	Supera límites económicos
Lia Suárez Ripoll	Estudia nun centro dentro do termo municipal
Alessandra Isabel Bazán Casanova	Matriculado nun master
Sabela Tato Pereiras	Supera límites económicos
Martín López Castro	Supera límites económicos
Jesús López Castro	Supera límites económicos

Correspondendo as cantidades co seguinte cadro, a totalidade das axudas ascende a 15,205 €.

Rango RPC	Nº solicitudes	Total
Ata 1000 €	7	3.150
De 1001 a 2000€	2	870
De 2001 a 3000 €	4	1.640
De 3001 a 4000 €	7	2.660
De 4001 a 5000 €	11	3.960
De 5001 a 6000 €	9	2.925

**Expediente 251/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. Valoración das AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistas a Providencia de inicio do procedemento 08/02/2023.

Vistas as 'Bases reguladoras das axudas complementarias dirixidas ás familias, que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar, curso 2023 – 2024', elaboradas polo departamento de educación e asinadas pola concelleira responsable do mesmo, en data 21/03/2023.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal o 21/03/2023 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a aprobación das Bases reguladoras das axudas complementarias dirixidas ás familias, que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar, curso 2023-2024' e acordo plenario o 30/03/2023.

Visto o decreto de nomeamento da Comisión de Valoración emitido con data 09/11/2023.

Visto o informe emitido pola Comisión de Valoración.

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta da Comisión de Valoración dacordo ao anexo, por unha cantidade de 310,36 €.

**SEGUNDO.-** Proceder á comunicación das axudas concedidas aos/ás interesados/a e realizar pago das



mesmas.

#### ANEXO

Reunidos os membros da Comisión de Valoración das AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024 formada por:

- Presidenta: Ángela Troitiño Gil, Concelleira de Educación
- Secretaria: Anxos García Fidalgo
- Vogais: Beatriz Cuiña Iglesias (Traballadora Social) e Sara Blanco Gil (educadora social)

#### EXPOÑEMOS

Vistas as BASES AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024.

Visto que houbo 3 familias que presentaron solicitudes e que todas cumpren coas condicións establecidas nas Bases, propoñemos a seguinte resolución:

<b>Nome do/a proxenitor/a</b>	<b>Identificación do/a menor</b>	<b>Cantidade (€)</b>
María Isabel Seijo	U.S.B e S. S. B.	172,01 €
Siham Ait Lassri	S.T. e A.T.	63,60 €
José Baamonde	P.B.	74,75 €

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE